

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece os requisitos para participar nun concurso de traslados. Ao respecto, sinala cal se lle esixe ao persoal en activo:

- A) Ter tomado posesión na praza desempeñada cun ano de antelación, como mínimo, á data de apertura do prazo de presentación de instancias.
- B) Ter tomado posesión na praza desempeñada cun ano de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- C) Ter tomado posesión na praza desempeñada con dous anos de antelación, como mínimo, á apertura do prazo de presentación de instancias.
- D) Ter tomado posesión na praza desempeñada con dous anos de antelación, como mínimo, á data límite de participación de cada ciclo anual de adxudicación.

2. O órgano específico de negociación colectiva do persoal estatutario de cada servizo de saúde, segundo o artigo 79 do Estatuto Marco, é:

- A) A mesa sectorial.
- B) A xunta de persoal de área.
- C) Xuntas de persoal e comisións de centro, nas áreas nas que se constitúan.
- D) O comité intercentros.

3. De acordo coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio, a historia clínica:

- A) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) Debe ser entregada ao paciente tras cada episodio asistencial.
- C) Debe incluír o médico ou profesional responsable.
- D) É propiedade do paciente.

4. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, a Consellería de Sanidade ten atribuída unha destas competencias:

- A) Aprobar a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- B) Planificar a ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- C) Aprobar novas prestacións sanitarias.
- D) Acordar a creación de hospitais públicos na comunidade autónoma.

5. Cal das seguintes afirmacións sobre a Constitución española é falsa?

- A) Recoñece expresamente o dereito á protección da saúde.
- B) Regula os dereitos e deberes dos pacientes.
- C) Sinala que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria.
- D) Determina a competencia dos poderes públicos para organizar e tutelar a saúde pública.

6. Conforme ao disposto no Estatuto de Autonomía, quen ostenta a representación ordinaria do Estado en Galicia?

- A) O Presidente do Goberno.
- B) O Presidente do Parlamento.
- C) O Delegado do Goberno.
- D) O Presidente da Xunta.

7. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, establece que os delegados/as de prevención serán designados:

- A) Por sorteo, entre os traballadores/as que se presenten voluntariamente.
- B) Por e entre os representantes do persoal.
- C) Pola dirección da empresa ou ente administrativo de que se trate.
- D) Polo persoal do centro de traballo.

8. De conformidade coa Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, é competencia exclusiva do Estado:

- A) O control sanitario dos produtos relacionados co uso ou consumo humanos.
- B) A organización e xestión dos sistemas de vixilancia en saúde pública.
- C) A autorización de instalación e funcionamento de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- D) A sanidade exterior.

9. De acordo co artigo 72 do Estatuto Marco, as faltas disciplinarias moi graves prescribirán:

- A) Aos dous anos.
- B) A los cuatro años.
- C) Dependerá de aspectos como o motivo da falta, a gravidade do dano ou as circunstancias do caso, libremente apreciados polo instrutor do procedemento disciplinario.
- D) As faltas moi graves non prescriben nunca.

10. Cales son os sistemas de selección de persoal estatutario fixo?

- A) O concurso de traslados, a oposición e a comisión de servizos.
- B) O concurso-oposición, a oposición e o sistema de alta dirección.
- C) O procedemento extraordinario, a oposición ordinaria e o acceso indefinido.
- D) O concurso-oposición, a oposición e o concurso.

Preguntas de reserva

1. Con carácter xeral, segundo o artigo 5 do Decreto 206/2005 os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen no Sergas abranguerán, como mínimo, o seguinte ámbito territorial:

- A) A localidade.
- B) A área sanitaria.
- C) O distrito sanitario.
- D) O centro sanitario, se é un complexo hospitalario.

2. Segundo a lexislación vixente, requirirase o consentimento escrito do paciente:

- A) Para a práctica dunha intervención cirúrxica.
- B) En todo caso.
- C) Non se precisa nunca o consentimento escrito.
- D) Para a práctica de calquera procedemento terapéutico.